

A historia da educación das mulleres no contexto dos “Estudios das Mulleres”*

*Consuelo Flecha García
Universidad de Sevilla*

RESUMO: A Historia da Educación das Mulleres como disciplina académica naceu nun contexto de desenvolvemento dos “Estudios das Mulleres” nas Universidades españolas. Así o pon de manifesto este traballo en que se fai un percorrido polo apoio recibido dese campo de estudos, polo que esta disciplina achega dentro das historias sectoriais, e polas confluencias que mantén coa ‘nova historia’. Nunha segunda parte céntrase nas modalidades de introducción destes temas no currículo escolar, ó sentido que ten, ás funcións sociais que desempeña, ás finalidades que persegue e ó seu deseño docente como disciplina dentro dos planos de estudio; para terminar ofrecendo unhas liñas e uns contidos concretos para a elaboración dun programa temático da disciplina.

ABSTRACT: The History of the Education of Women as an academic subject developed within the context of the ‘Women’s Studies’ in the Spanish Universities. This article highlights this through an analysis of the support provided by this field of study, leading to the acceptance of this subject in the context of sectoral history and through the common ground it shares with the “new history”. The second part discusses how these topics were introduced into the syllabus, their meaning, social roles, goals aspired to and the design of the teaching materials as a subject in the curricula. Lastly the article offers some specific guidelines and contents to prepare a program for this subject.

A pesar de que os ‘Estudios das Mulleres’, aquí coma noutros países, non sempre nin en tódalas Universidades foron aceptados e promovidos coa decisión que require o espertar dun novo ámbito do saber, a forza dun movemento –ó que non lle faltou o alento de campos que van desde os dereitos humanos ata a economía–, centrado na atención a un grupo social só moi recentemente albiscado como relevante, está empuxando ó recoñecemento que lle corresponde nunha sociedade chea de desexos igualitarios, aínda que o espacio que ocupa resulte aínda insuficiente.

As accións emprendidas na investigación, na docencia e na difusión das novas formulacións propostas por estes estudos, foron logrando avances pequenos pero continuados, cambios nalgunhas mentalidades, unha maior sensibilización, e unha actitude do profesorado e do alumnado máis disposta a entende-los obxectivos que se persegue. Os compromisos asumidos están facendo posible crear conciencia e solidariedade política entre mulleres (e tamén cos homes) que traballan pola equidade, e están abrindo novas oportunidades ás xeracións máis novas; todo isto sen que nos leve a deixar de recoñecer, ó mesmo tempo, as resistencias que aínda provocan. Transformacións de diferente calado que comprobamos

*Traducción ó galego de Antón Palacio

cómo van tendo tamén un efecto relativamente amplo na sensibilidade social, debido á incidencia das estratexias coas que, polo xeral, hoxe se impulsan e se favorecen.

A presenza desa nova maioría que as mulleres representan en tódalas Universidades despois dun proceso longo pero inequívoco na súa traxectoria¹, e moi especialmente nun conxunto amplo de carreiras, foi unha das razóns que máis levaron a solicita-la atención singularizada á poboación feminina como suxeito e como obxecto de estudo. A demanda por parte das alumnas de coñecementos que as reflicta, a petición de que se inclúan máis temas específicos nas disciplinas tradicionais, a súa maior sensibilidade cara a unha bagaxe científica e metodolóxica non androcéntrica, unhas posturas que foron decisivas na orixe e na consolidación dos programas e cursos de Estudos das Mulleres noutros países, estando igualmente no noso. Actividades que, en definitiva, tamén se xustifican desde a necesidade, tanto do alumnado feminino coma do masculino, dunha formación máis aberta a grupos e a formulacións que a penas se tiveran en conta ata agora.

Unha tarefa que non está resultando fácil e que explica o que se fosen establecendo na maior parte das Universidades españolas, ó longo dos últimos vinte e cinco anos, centros, seminarios e institutos de Estudos das Mulleres² como espazos académicos nos que intercambiar, traballar e potencia-la investigación e a docencia en temas que se abordan desde a perspectiva das mulleres, así como para contribuír á maior inserción dos mesmos nos procesos de creación de coñecemento. O que vemos que se está facendo desde posicións distintas e sobre temas moi diversos pero, en tódolos casos, partindo da perspectiva das mulleres nos seus obxectivos de elaboración e de transmisión de resultados. Un conxunto de achegas que, pouco a pouco, van sendo recoñecidas dentro da comunidade científica e que outros colegas homes están xa introducindo nos seus propios proxectos de docencia e de investigación.

Cara a unha lexitimidade académica

Se ben a actividade docente sobre este campo de estudo se iniciou nas diferentes universidades introducindo cursos específicos nos programas de doutoramento ofrecidos polos Departamentos, xa que a flexibilidade da súa configuración e a participación directa do profesorado no ámbito en que se deciden ofrece unha maior facilidade para introducir estes novos temas entre os seus contidos, os Seminarios e Institutos decidiron axiña organizar, sen abandonar-lo anterior, programas de Doutoramento propios e interdisciplinarios sobre Estudos das Mulleres. Isto é o que se empezou a facer na Universidade de Granada –onde se iniciou o primeiro no ano 1990– e, a continuación, nas de Valencia, Málaga, Barcelona, Cádiz, Oviedo, etc.; ademais de que cada ano seguen crecendo os cursos ofrecidos e incorporados ós programas de numerosos departamentos universitarios³. Na actualidade, a coor-

¹ Unha aproximación ó mesmo pode consultarse en Flecha García, Consuelo: "Las mujeres en el sistema educativo español", en Marín, Teresa/del Pozo, M^a del Mar: *Las mujeres en la construcción del mundo contemporáneo*, Cuenca, Publs. Diputación Provincial, 2002, pp. 209–227.

² No ano 2003 existen en España catro Institutos Universitarios e case corenta Centros e Seminarios de 'Estudios das Mulleres'.

³ Ortíz, Teresa e outras (1999): *Universidad y Feminismo (II). Situación de los Estudios de las Mujeres en los años 90*, Granada, Ed. Universidad de Granada, pp. 168–177.

dinación entre varias universidades de Andalucía –as de Granada, Huelva, Xaén, Málaga e Sevilla– fixo posible contar cun programa interuniversitario de doutoramento denominado 'Estudios das Mulleres e de Xénero' que se vén desenvolvendo desde o ano 2000. Igualmente, algúns institutos e seminarios de Estudios das Mulleres imparten cursos de post-grao e actividades de formación permanente para o profesorado das diversas áreas de coñecemento e dos diferentes niveis de ensinanza.

Non se descoidou a creación de redes que permiten coordinar tarefas, persoas e resultados, difundí-los proxectos e actividades que se realizan, e servir de estímulo e de apoio a quen participan en todo isto. En España contamos con AUDEM (Asociación Universitaria de Estudios das Mulleres), de carácter interdisciplinario, con AEIHM (Asociación Española de Investigación Histórica sobre as Mulleres) integrada maioritariamente por historiadoras, e con outra de recente creación, AMIT (Asociación de Mulleres Investigadoras e Tecnólogas). Grupos que están en conexión con redes internacionais, a través das que se promoven reunións, xornadas e programas de investigación e de docencia entre países de Europa e cos doutros continentes; entre estas, a European Network for Women's Studies (ENWS), que conta co patrocinio do Consello de Europa, a Women's International Studies Europe (WISE), a Federación Internacional de Centros de Investigación de Historia das Mulleres (FICIHM) e a European Women in Technology Network (WITEC). Asociacións que puxeron de manifesto a amplitude, o interese e os logros deste tipo de estudos no ámbito europeo, ademais de no norteamericano, e que van estendéndose por países hispanoamericanos e polo resto de continentes. Dun xeito ou doutro, comprobamos que se está producindo paulatinamente unha conformación institucional deste campo científico, tanto na investigación e na docencia coma nas redes de apoio, froito do traballo desenvolvido por moitos grupos de académicas e do interese suscitado nos medios en que se moven.

En canto á docencia no primeiro e segundo ciclo universitario, as vías de actuación que se foron seguindo para introduci-los Estudios das Mulleres nos Planos de Estudio das diferentes titulacións, están respondendo a modalidades diversas. Por unha parte, á implantación de disciplinas específicas que teñen como obxecto de estudio as mulleres; por outra, á incorporación deste tipo de contidos ás disciplinas do currículo que completan e amplían a visión que transmitían ata agora e, ademais, á organización de seminarios, de xornadas e de congresos nos propios centros universitarios, cos que se aumenta o abano de canles para a difusión destes temas. Na miña opinión, é importante manter estas distintas modalidades, aínda que non sexa un proxecto sempre fácil o feito de alcanzar unha lexitimidade disciplinaria dentro das regras en que se move a formación e o desenvolvemento do currículo disciplinar.

Tanto as disciplinas específicas coma a incorporación de temas e de perspectivas renovadas a outras materias que levan a pensa-la realidade tamén desde a experiencia e desde a contribución das mulleres demostráronse como un medio moi válido para divulga-la aprendizaxe de contidos científicos e culturais con categorías renovadas, e para divulga-la investigación desenvolvida nos últimos anos, o cal está introducindo un factor de cambio nos contidos de certas áreas de coñecemento e nalgunhas das prácticas educativas que se realizan nas aulas. Un modo de facer ciencia e de transmitila que permite reformula-la docencia da propia disciplina desde criterios máis amplos, sen centrala unicamente no mundo masculino

e na mirada e na interpretación dos que o definiron durante moito tempo, os homes, así como sen dissociar ensinanza e investigación.

De feito, a incorporación de disciplinas específicas nos planos de estudos viuse rodeada, en moitos casos, non só dos problemas xerais que acompañan habitualmente ese tipo de decisións, senón tamén da que se deriva da consideración e da oportunidade que aínda se lles nega en determinados círculos a algúns dos coñecementos que se queren incorporar. De aí que o espazo obtido nos planos de estudio que se foron reformando na última década dentro dos diferentes títulos e universidades sexa moi desigual, aínda que a marxe de actuación co que se contou para a confeccionalos fixo posible a inserción de disciplinas cun enunciado que responde a esta nova orientación. Diso dan testemuño as que se incorporaron especialmente nas facultades de Historia e de Xeografía, de Psicoloxía, de Filosofía, de Ciencias Políticas, de Medicina, de Filoloxía, de Socioloxía, de Dereito ou de Educación/Ciencias da Educación⁴.

Algunhas das que se incluíron nas titulacións desta última facultade son as seguintes: 'Educación para a igualdade', na Universidade de Granada; 'Historia da Educación das Mulleres', nas Universidades de Cádiz, Granada, Sevilla e Valencia; 'Problemas socio-educativos das mulleres', na Universidade de Málaga; 'Historia e desenvolvemento socioeducativo das mulleres' e 'Socioloxía do xénero e dos grupos de idade', na Universidade de Sevilla; 'Identidade de xénero e educación' e 'Ética e Coeducación', na Universidade de Santiago de Compostela; 'Educación e traballo da muller na España contemporánea', na Universidade de Málaga; 'Educación para a igualdade', na Universidade de Almería; 'Muller e educación social', na Universidade do País Vasco e 'Educación e igualdade de oportunidades', na Universidade de Vigo. Unha relación que nos avisa, aínda que sexa incompleta, da variedade de enfoques posibles dentro do campo da educación onde a súa presenza, coma noutras titulacións que se sitúan no campo das ciencias sociais, foi máis fácil que, por exemplo, nas do campo tecnolóxico.

Neste desenvolvemento estiveron implicadas entidades e organismos que impulsaron esta nova situación—entre eles, os organismos de Igualdade, de ámbito estatal, o Instituto da Muller, e os das Comunidades Autónomas— e que foron un referente importante e un apoio para este movemento, pois actuaron como impulso e como inspiradores de accións nas universidades, ó mesmo tempo que eles mesmos realizaron e organizaron directamente iniciativas⁵. O II Plan para la Igualdad de Oportunidades de las Mujeres. 1993–1995, aprobado polo Consello de Ministros o 15 de xaneiro de 1993, propuxo entre os seus obxectivos o de “promover estudos e investigacións en relación coa igualdade de oportunidades entre os sexos e favorece-la difusión dos mesmos”, e prevía diferentes actuacións que se levaron a cabo, cuns resultados que foron avaliados positivamente e dados a coñecer posteriormente⁶. O III Plan para la Igualdad de Oportunidades entre Mujeres y Hombres, aprobado para o perí-

⁴*Ibidem*, pp. 160–168.

⁵ A acción realizada polo Instituto da Muller en España desde a súa creación para facer posible un cambio na situación das mulleres en tódolos ámbitos da vida social no noso país foi recollida por Celia Valiente Fernández en *El feminismo de Estado en España: El Instituto de la Mujer 1883–1994*, Madrid, Instituto Juan March, 1994, 50 pp.

⁶ Instituto de la Mujer: *Síntesis de resultados de la Evaluación del II Plan de Igualdad de Oportunidades de las Mujeres (1993–1995)*, Madrid, Instituto de la Mujer, 1997, pp. 51–52.

odo 1997-2000, volveu incorpora-la necesidade de "promove-la investigación relacionada cos Estudios das Mulleres e do Xénero" e introduciu, entre as actuacións, a de "impulsa-los Estudios das Mulleres e do Xénero a través dun recoñecemento no currículo universitario"⁷. E o IV Plan que se acaba de poñer en marcha para o período 2003-2006, dentro da Área de "Promoción da calidade de vida das mulleres", inclúe entre as iniciativas educativas e culturais, as de "financiar proxectos de investigación de I+D+I, no marco do Plan Nacional de Investigación, para a realización de estudos sobre as mulleres" e "promove-la creación de titulacións universitarias sobre igualdade de xénero"⁸.

Estes organismos contribúen de diferentes formas á actividade docente e investigadora do profesorado universitario que traballa en Estudios das Mulleres: con recursos que son imprescindibles, como as convocatorias periódicas para subvencionar proxectos de investigación e actividades docentes neste campo; coa firma de convenios de colaboración coas Universidades para publicacións ou estudos que respondan ás prioridades establecidas en cada período; coa organización de reunións, de xornadas ou de foros para contrastar políticas e estratexias de intervención, etc. Entre este conxunto de accións destaca a que en 1995, e como consecuencia do acordo entre o Instituto da Muller e a CICYT, puxo en marcha un Programa Sectorial específico dentro do III Plan Nacional de Investigación Científica e Desenvolvemento Tecnolóxico (1996-1999), denominado 'Estudios sobre as Mulleres e o Xénero'⁹, o cal continúa na actualidade e permitiu o desenvolvemento de proxectos interuniversitarios de investigación dentro de obxectivos e con dotacións que responden á relevancia e ó interese que, cada vez máis, suscitan estas cuestións na comunidade científica.

Historias sectoriais na historia

Nos dous séculos de vida que recoñecemos á Historia da Educación, foi adquirindo crecente importancia como disciplina científica e académica no marco das diferentes finalidades que se lle asignaron, e foise subliñando a utilidade do seu estudo e da investigación sobre a mesma, aínda que unha e outra actividade están sometidas na actualidade a procesos moi desiguais en canto á súa relevancia e á súa expansión. A lexitimidade científica e metodolóxica e a continua ampliación dos campos de interese consolidárona como unha disciplina que se foi diversificando nos temas que aborda e nas formas de ser transmitidos. No ámbito que aquí nos ocupa, deténdose nos procesos educativos desa metade da poboación que ata hai pouco a penas espertara curiosidade, aínda que poida pensarse que, só pola importancia cuantitativa que sempre representaron as mulleres, terían que chama-la atención dos que cultivaron esta área de coñecemento ó longo de todo ese tempo.

Hai xa case catro décadas, a profesora Ángeles Galino escribía que "a historicidade non é unha forma absoluta desligada de toda conexión co ser onde ela ten a súa realidade efec-

⁷ Instituto de la Mujer: *III Plan para la Igualdad de Oportunidades entre Mujeres y Hombres. 1997-2000*, Instituto de la Mujer, 1997, pp. 21-23.

⁸ Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais: *IV Plan de Igualdad de Oportunidades entre Mujeres y Hombres, 2003-2006*, Área IV, 4.2.33 e 5.2.5.

⁹ Aprobado polo Consello de Ministros do 14 de xullo de 1995.

tiva. Non se dá a Historia pura, senón a Historia de algo ou de alguén¹⁰; de aí que fosen xurdindo, tamén dentro da historia da educación, desenvolvementos sectoriais coma o que destacamos neste traballo, o dos procesos de educación e de ensinanza desa “invisible maioría” que foron as mulleres.

Se a historia da educación, que sostén como obxecto privilexiado de estudio o que foron as teorías e as prácticas educativas no pasado, e que se sustenta nunha tradición cunhas fontes ás que segue acudindo –se ben reutilizando as súas conceptualizacións, contrastando os seus achados e deixando aberta a solución ós problemas que presenta–, non terminaron de percorre-lo camiño da delimitación dos seus contidos, da orientación con que han de ser tratados e incluso do seu estatuto científico, dos seus métodos e das súas técnicas, cánto máis a Historia da Educación das Mulleres; neste caso, unha disciplina que se encontra nos seus primeiros intentos de articular un corpo propio de coñecementos susceptibles de poder inserirse e de contribuír a unha Historia da Educación máis completa. Pero unha e outra, aínda con traxectorias tan desiguais, dispoñen de múltiples posibilidades de desenvolvemento e están inmersas na actualidade, xunto con outras ciencias, nunha evolución constante dos temas que teñen que abordar e dos métodos que deben utilizar tanto na investigación coma na docencia.

Cando no século XIX o positivismo fixo da Historia unha disciplina académica e científica, iniciouse paralelamente un movemento de interese cara a diversas historias chamadas sectoriais que, mantendo unha vontade integradora, se constituían en función dos diferentes obxectos de estudio que focalizaban. Así, pouco e pouco, foron adquirindo corpo a historia da arte, da literatura, do dereito, da medicina, da educación, da economía, etc.; historias que experimentaron un notable desenvolvemento, de xeito que algunhas estaban configuradas a mediados do século XX desde un aparato conceptual e metodolóxico compartido e co seu campo cognitivo específico. Nas últimas décadas, a diversificación e crecemento das varias maneiras coñecidas de relato histórico ampliaron e consolidaron esas historias sectoriais, pero sen cambiaren a decisión de non renunciar a unha visión global da historia.

Comprobase moi eficaz a chamada de atención que fixeron Marc Bloch e Lucien Febvre sobre a necesidade, e sobre a súa decisión como investigadores, de poñer-lo acento en grupos sociais de dimensións e trazos particulares, así como nas relacións de dependencia ou de oposición que se producían entre eles. Deste xeito introduciuse unha fragmentación dos obxectivos e dos campos de estudio, ó que se uniron nos últimos anos cambios importantes na visión ou na perspectiva desde a que se aborda cada tema; posicións que están demostrando que os intereses en relación co pasado e as preguntas que se lle formulan xorden cada vez máis dos contextos en que se fan, do momento en que se producen, e que, polo tanto, varían no curso do tempo¹¹. A expansión dos ámbitos a historiar e o pluricentrismo da historiografía actual, é un dos reflexos evidentes da renovación e da capacidade de abrirse a novos campos, coma o da historia das mulleres.

¹⁰ Galino Carrillo, María Ángeles (1966): “Pedagogía e Historia”, en *Enciclopedia de la Nueva Educación*, Madrid, Apis, Tomo I, p. 76.

¹¹ Cfr. Macry, Paolo: *La sociedad contemporánea. Una introducción histórica*, Barcelona, Ariel, 1997, p. 13.

Este tipo de orientación permitiu establecer diferencias entre 'historia vella' e 'historia nova', esas que Peter Burke resumiu en sete puntos¹² e que se recollen no cadro seguinte:

PARADIGMA TRADICIONAL	NOVA HISTORIA
Obxecto: a política	Obxecto: calquera actividade humana
É unha narración de acontecementos	Dedícase máis á análise de estruturas
Presenta unha visión desde arriba	Interésase pola historia desde abaixo
Ten que basearse en documentos	Require ademais outras fontes
Modelo de explicación histórica acoutado	Modelo de explicación histórica máis amplo
A historia é obxectiva	A historia non é obxectiva
Feita por profesionais da historia	Feita por profesionais interdisciplinarios

A nova historia parte de que toda realidade ten un pasado, como Georges Lefebvre nos lembrou hai máis de vinte anos –“todo o que existe posúe un pasado”¹³–, o cal pode refacerse e no que interaccionan, con desigual repercusión, moi diversos elementos cuxo estudo e contraste nos permiten camiñar cara a unha historia total; ten en conta que calquera dimensión da realidade está social ou culturalmente construída e supera a distinción tradicional, excesivamente dicotómica, entre o central e o periférico no relato histórico coa finalidade de que poidan romperse algúns dos silencios máis rechamantes na súa traxectoria.

O pensamento crítico que a acompaña proporcionounos que, de cada acontecemento que se observa e se estudia, forma parte o contexto sociopolítico e cultural en que se produciu; contextos que, como non son alleos á prioridade dos obxectivos que se buscan no relato do pasado nin á dinámica dos desenvolvementos concretos de cada unha das cuestións que se estudian, han de ser tidos en conta para recupera-la memoria do que sucedeu. E, ó mesmo tempo, dáno-la oportunidade de introducir unha reorganización creadora e interpretativa cando aludimos ó seu significado e ó seu sentido, o que nos permite incluso comprender, explicar e captar aspectos que os contemporáneos, ou os que viviron en épocas próximas ó que se conta, non souberon ou non puideron ver por falta de perspectiva temporal e espacial¹⁴.

¹² Burke, Peter: *Formas de hacer Historia*, Madrid, Alianza, 1993, pp. 14–17.

¹³ Lefebvre, Georges: *El nacimiento de la historiografía moderna*, Barcelona, Martínez Roca Ed., 1985², p. 11.

¹⁴ Cfr. Viñao Frago, Antonio: “De la importancia y utilidad de la historia de la educación (o la responsabilidad moral del historiador)”, en Gabriel, Narciso de & Viñao Frago, Antonio (eds.): *La investigación histórico-educativa. Tendencias actuales*, Barcelona, Ronsel, 1997, pp. 30–31.

Pero se o enriquecemento e o desenvolvemento da Historia da Educación estiveron, sen dúbida, unidos ó interese despertado na tarefa investigadora polo propio papel que a instrución tivo nos cambios sociais, dentro dos modos de proceder nos procesos educativos e dos grupos que se beneficiaron dela, hoxe estase buscando comprendelos e explicalos non só no que afectaron ós homes, senón poñendo tamén o acento no que sucedeu coas mulleres. E faise desde a historia da educación e desde outras historias sectoriais –da vida privada, da familia, da infancia, da cultura, do dereito, da relixión, da arte, etc.–, nas que o facer educativo pasou a ser obxecto de atención preferente, xa que se trata dunha dimensión do humano que está aberta ó amplo marco das relacións entre as diferentes miradas que se lle poden dirixir, que lle achegan focalizacións específicas e que lle serven de contraste para as análises que require.

E como a educación é un acontecemento que se produce formando parte dos sistemas sociais en que se desenvolve e dos que depende, en maior ou menor medida, a relación entre historia da educación e historia social está xerando igualmente estudos que ofrecen maior luz a eses acercamentos sectoriais que se deteñen en grupos ós cales se lles outorga un papel colectivo do que non se pode prescindir no novo relato histórico. O que ratifica que os vínculos da historia da educación con cada unha desas historias non resultan irrelevantes nin para os procesos educativos, nin para as pautas de comportamento individual e colectivo que transmitían. É bastante evidente que as fronteiras que limitan cada disciplina son cada vez máis fluídas e permeables e, como consecuencia, crece a facilidade para abordarlos temas dunha maneira inescusablemente interdisciplinaria.

Hoxe non se pode escribir unha historia da educación rigorosa dos diferentes grupos ós que afectou, incluídas as mulleres,

- Sen facer referencia ós contextos e ós dinamismos sociais que acompañaban, e condicionaban, os feitos educativos formais e informais en cada unha das etapas históricas.
- Sen coñecer-las estruturas familiares e sociais de referencia –clases sociais e grupos de influencia–, así como os seus mecanismos de funcionamento interno e de relación co contorno.
- Sen se referir ós vínculos dos modelos de ensinanza utilizados, coa historia política e coa económica, coa historia social e coa da cultura.
- Sen entrar, de forma explícita, nos criterios de periodización das etapas históricas, nas teorías do cambio social, na crítica a unha excesiva atención ós feitos públicos e ós excepcionais que só afectaban ós grupos minoritarios.

Todo isto co obxectivo de poder dispoñer dunha historia que responda mellor ó que foi a experiencia vivida por unha máis ampla gama de grupos e de persoas e para que ofrezca unha bagaxe máis plural de prácticas sociais significativas para o conxunto da poboación¹⁵. Algo que se volve imprescindible no caso das mulleres, xa que non se pode prescindir do ‘sexo’ dos que decidían e dos que estaban afectadas polo coñecemento e polos procesos educativos viventes en cada momento.

¹⁵ Cfr. Harding, Sandra: *Ciencia y Feminismo*, Madrid, Morata, 1996, p. 81.

Situarse nesta liña de traballo significa equilibra-la ata agora atención exclusiva ós actores en situacións oficiais e en escenarios públicos, que eran ós que os observadores masculinos tiñan máis acceso e ós que cualificaban como os únicos importantes, os cales eran priorizados á hora de construí-la historia a expensas dos que se movían nas esferas non oficiais e privadas, igualmente importantes para a vida colectiva. Se entendémo-la historia como o relato do acontecido en tempos pasados, non podemos senón recoñecer que este modo de actuar introduciu uns nesgos na memoria transmitida dos que, nunha vontade de rigor histórico actualizado, hai que se ir distanciando.

Unha forma de proceder que pide acercarse á educación, un concepto polisémico con múltiples definicións, entendéndoa nese significado máis amplo que se achega desde a pedagogía social, é dicir, o que fai relación ó conxunto de prácticas, de informacións, de coñecementos e de valores que cada xeración mantén, reestructura e transmite á seguinte. Unhas funcións que realiza con modalidades diversas coincidindo, ben co que hoxe se denomina educación informal –máis próxima ó que entendemos como procesos de socialización–, ben coa educación non formal –actividades educativas ofrecidas e desenvolvidas desde instancias sociais non escolares–, ou ben coa educación formal –a escolar, sistemática e institucionalizada–. Só así poderemos focalizar nos nosos estudos histórico-educativos a outros grupos e, entre eles, ó máis numeroso, o das mulleres.

As publicacións dos últimos anos permiten afirmar que xa se está respondendo a unha maior pluralidade de modalidades do feito educativo sen que por eso se deixase de insistir nos temas anteriores relativos a pensamento pedagóxico, a institucións educativas e a lexislación e política escolar. Isto lémbromo-las palabras de Remo Fornaca coas que hai máis dun cuarto de século anunciaba que se empezaba a asistir a "a desescolarización da historia da pedagogía [...], que non se identifica unicamente coa escola, a ensinanza, a formación profesional dos ensinantes"¹⁶.

Desmembración de contidos e metodolóxica da historia xeral, e da da educación en particular, cuns temas que se abordan agora con outras categorías de análise e situándoos nos contextos sociais nos que a realidade narrada se producía; o que non deixa de contribuír e de dar resposta a ese enfoque máis global e integrador que busca hoxe a historiografía renovada. Diversificáronse as tarefas e fixéronse máis plurais as perspectivas, pero sen querer que iso leve a unha perda da idea de conxunto.

A interdisciplinidade que supón esta formulación non só favoreceu a relación entre as diversas historias sectoriais e as disciplinas sociais e humanas, senón tamén que algunhas destas, como a antropoloxía, a psicoloxía e a socioloxía, estean necesitando acudir á historia da educación para interpretar e para comprender mellor algúns dos temas de estudo que tratan. Neste sentido, non pasa desapercibido o interese da historia xeral e doutras ciencias que se deteñen nas mulleres, cara ós procesos educativos nos que estas participaron, xa que sen eles é máis difícil entende-la evolución das mentalidades, da cultura e, en definitiva, das sociedades nas que elas tamén viviron e interactuaron.

¹⁶Fornaca, Remo: *La investigación histórico-educativa*, Barcelona, Oikos-Tau, 1978, p. 16.

A historiografía educativa específica

A conciencia histórica¹⁷ que hai que espertar con maior necesidade nas mulleres, posto que ata se lles ofreceron agora menos recursos para iso, presupón a existencia dun discurso histórico; ha de telo indubidablemente en conta na medida en que a escritura –a escritura como ‘fármaco da memoria’¹⁸– é a que fai posible e está na orixe do que el nos recorda. Un discurso que debe incluír entre os seus elementos a forma de comprende-lo tempo e os tempos da historia e, á vez, o modo de afondar no pasado cando busca explicacións e respostas ós temas que se formulou, co obxectivo de facer posible o encontro, de achegarnos ó lugar en que se sitúan as nosas raíces; Paul Ricoeur escribiu, en efecto, que “a historia está animada dunha vontade de encontro tanto coma dunha vontade de explicación”¹⁹.

Os que escriben historia saben que se trata dunha tarefa na que se mesturan creación, recreación, interpretacións, desexos e paixóns persoais, polo que a elaboración resultante, a imaxe que nos devolven, non pode senón variar co tempo e coas circunstancias. Saben que é unha construción temporal, con materiais provenientes dunha memoria herdada e duns subliñados compartidos, en onde non faltan amnesias e omisións involuntarias ou, incluso, conscientes. De aí que nos últimos vinte anos se producise unha evolución significativa das publicacións históricas, en xeral, das de historia da educación e historia da educación das mulleres, despois de volver ás fontes, para lelas de novo, e coincidindo coa renovación que se está producindo dentro da historiografía xeral, en liña co que a ‘nova historia’ e cos ‘estudios das mulleres’. Desde hai dúas décadas a actualización temática e metodolóxica acompañou o crecemento experimentado polas publicacións neste campo, enriquecidas polas perspectivas e os puntos de vista desde os que hoxe se produce o achegamento ós feitos do pasado que se estudian.

A xénese e a evolución da historiografía sobre educación das mulleres á que temos asistido nestes anos, coa publicación de numerosas obras e coa realización de congresos e de reunións científicas, aínda que non supón que se despexasen tódalas dúbidas sobre os problemas epistemolóxicos que o seu paradigma metodolóxico presenta, si nos permite entendela camiño que esta disciplina vai percorrendo. Un achegamento historiográfico á educación das mulleres que reflicte que non se realizou, na maior parte dos casos, desde unha priorización da historia das ideas e das teorías pedagóxicas, como sucedeu na historia da educación xeral ata mediados do século XX²⁰, senón que debuxa, máis ben, unha traxectoria guiada por uns modos de facer máis acordes cos que a historiografía contemporánea formula en favor dunha relación entre os diferentes segmentos da realidade ós que debe acudir calquera traballo histórico, e atendendo ó que achegan as disciplinas das ciencias sociais e humanas que xa sinalai, e outras como a antropoloxía, a demografía, a socioloxía e a economía.

¹⁷ Froito dun proceso que, partindo da historicidade como calidade esencial da persoa, se manifesta como conciencia de si mesma primeiro, e como conciencia histórica despois.

¹⁸ Emilio Lledó, na súa obra *El surco del tiempo. Meditaciones sobre el mito platónico de la escritura y la memoria*, Barcelona, Crítica, 1992², reproduce o diálogo entre Theuth e Thamus, en *Fedro* de Platón, no que o primeiro afirma que o coñecemento das letras foi “inventado como un fármaco da memoria” (nas pp. 49 e 53); figura que Emilio Lledó glosa en diferentes momentos da súa obra, especialmente nas pp. 53–57.

¹⁹ Ricoeur, Paul: *Historia y verdad*, Madrid, Encuentro, 1990³, p. 30.

²⁰ Cfr. Flecha García, Consuelo: “Historiografía sobre educación de las mujeres en España”, en VV.AA.: *La historiografía en Estudios de las Mujeres*, Valladolid, Pubs. Universidade (en prensa).

A Historia da Educación das Mulleres: concepto e delimitación de campos

Aínda que non se enunciou a unha visión global da historia, a seguir mantendo a súa vocación integradora²¹, o desenvolvemento en torno a diferentes obxectos de estudio tivo como resultado para esta área científica e campo académico histórico-educativo, o que, en pouco máis dunha década, se pásase dunha disciplina xeral a un conxunto de disciplinas específicas que integran a Historia da Educación como denominación xenérica. O desenvolvemento de tales materias está favorecendo o estudio de ámbitos educativos non considerados na primeira etapa da historiografía educativa española —a que coincide co seu proceso de construción como disciplina científica e académica—; período no que se recoñeceu a existencia de silencios, "tantos silencios dos historiadores da educación"²², dos que, sen dúbida, non hai que excluí-lo que se refire á educación das mulleres²³.

A Historia da Educación das Mulleres é un dos múltiples ámbitos histórico-educativos que nos últimos anos se están querendo desenvolver; un dos que xa empezaron a ser incluídos entre os campos de investigación novos e renovados, e desde o que se están achegando traballos e realizacións de interese. A el referíuse hai unha década o profesor Bernat Sureda cando incluía "as innovacións relacionadas co acceso da muller á escolarización e á educación en xeral", entre as que se estudiaran algunhas referidas ó período de entreséculos en España²⁴. E a iso respondeu, de xeito moi temperán, a Sociedade Española de Historia da Educación, cando nos acordos adoptados en 1991 en relación co lugar que podían ter as disciplinas de Historia da Educación nos novos planos de estudio correspondentes, tanto nas antigas coma nas novas titulacións, a Historia da Educación das Mulleres figuraba entre as disciplinas que se debían de propoñer como tal en cada Universidade²⁵.

Todo un conxunto de circunstancias contribuíu ó desenvolvemento que esta disciplina está experimentando en España; razóns científicas, necesidades sociais, a súa presenza en proxectos de investigación financiados por organismos públicos, en teses de Doutoramento, en actividades de docencia en varias facultades de Educación e, ademais, o contar cunhas estruturas asociativas que promoven a relación entre os que traballan en 'Estudios das Mulleres', serven de estímulo para incorporarse a eles e contribúen á difusión do que se realiza. Asociacións e grupos que organizan xuntanzas, congresos, reunións científicas e que promoven publicacións²⁶.

²¹ Historia "integradora" é o concepto que Josep Fontana utilizou para referirse ó que se estaba chamando historia "total". Cfr. Fontana, Josep: *La Historia*, Barcelona, Salvat, 1973, p. 48.

²² Ruiz Berrio, Julio: "La voz del silencio", en Tiana Ferrer, Alejandro: *Maestros, misioneros y militantes. La educación de la clase obrera madrileña, 1898-1917*, Madrid, CIDE, 1992, p. 9.

²³ Da atención de que era obxecto en América desde os anos sesenta, daba conta S. Cohen nun artigo en que afirmaba que a historia da educación das mulleres "cobrara recentemente dimensións históricas inesperadas". Cfr. "New perspectives on the history of American education: 1960-1970", en *History of Education*, nº 2, 1973, p. 85.

²⁴ Sureda García, Bernat: "Historiografía sobre innovacións educativas en España", en Nóvoa, António-Ruiz Berrio, Julio (eds.): *A História de educação em Espanha e Portugal*, Lisboa, SPCE-SEDHE, 1993, op. cit., p. 173.

²⁵ Cfr. SHEDE: "Acuerdos adoptados", en *Boletín de Historia de la Educación*, 18 de decembro de 1991, p. 11.

²⁶ O número de monografías e de artigos publicados multiplícanse cada ano, e as editoriais están realizando unha importante actividade a través das coleccións específicas que crearon.

²⁶ Algunhas das ideas e dos datos que se inclúen neste traballo poden ampliarse en Flecha García, Consuelo: "La educación de las mujeres, una experiencia histórica plural", en Gómez, María Blanca (ed.): *Educación y género*, Málaga, Publs. Diputación Provincial (en prensa).

Este camiño xa iniciado, e do que están sendo especiais protagonistas as mulleres, pois a maior parte dos que o cultivan o son, é consecuencia, fundamentalmente, da incorporación feminina á escolaridade primaria primeiro, e ós estudos secundarios e universitarios despois; requisitos previos que permitiron o seu acceso a actividades de docencia e de investigación desde as que afronta-lo tratamento dos temas con criterios científicos renovados. E, neste caso, da educación, un dos que máis afectaron á súa identidade e á súa condición social; ambas, consecuencia, en boa parte, deses procesos educativos que son obxecto de análise da Historia da Educación, na estrutura que se lles foron dando, nos contidos que se seleccionaban, nas persoas que os dirixían e nos recursos materiais que se utilizaban, pero tamén na poboación á que estaban destinados; obxectivo que terminou conducindo a que se empecen a estudia-los diferentes grupos ós que afectaron estes procesos, sen dar por suposto, especialmente para algunhas etapas da nosa historia, a súa inclusión nas presentacións que, como xerais e neutras, ofrecemos habitualmente ó noso alumnado.

Ás alumnas de onte, e aínda ás de hoxe en moitas ocasións, non nos foi fácil sentirnos incluídas nas explicacións que se nos daban nas aulas sobre moitos dos temas e das cuestións de estudio, xa que facían referencia só ós homes, aínda que se presentaban como se tamén puidese incluírse ás mulleres, o que moi poucas veces era realmente así. Non podíamos encontrar nos contidos desas explicacións nin modelos de identificación, nin referencias de autoridade, nin xenealoxías femininas ás que sentirse vinculadas²⁷.

Esta disciplina que, desde o punto de vista conceptual e metodolóxico comparte as formulacións da historiografía xeral, é unha aproximación sectorial histórica que se insire, como xa sinaléi, no marco da Historia das Mulleres, da Historia da Educación e, por suposto, da Historia Total, e que mantén, ó mesmo tempo, diálogo, relacións e intercambios con outras ciencias e con outras historias sectoriais. Entendendo que a nova historia das mulleres, saber histórico que alcanzou un desenvolvemento significativo nas últimas décadas, é unha referencia para a formulación desta disciplina, polo que a especificidade do obxecto de estudio de que trata, a educación, hai que abordala co carácter de interdisciplinidade que esixe o situala nese marco máis amplo; é dicir, facendo viables formulacións e investigacións abertas á contribución doutros campos.

Historia da Educación das Mulleres é a formulación utilizada nos círculos científicos histórico-pedagóxicos para referirse ó estudio da evolución histórica dos procesos educativos destinados ás mulleres, tanto na súa modalidade formal coma na non formal. Disciplina académica que nace coa vontade de insistir no mundo das mulleres como obxecto de coñecemento aínda non incorporado ó saber xeral, malia que non se encontrasen aínda suficientemente en desafíos ós supostos metodolóxicos de acordo coas obxeccións claras e coherentes que os 'Estudios das Mulleres', desde as respectivas disciplinas, formulan ós marcos conceptuais que se utilizan nas mesmas. Estudos que, ó situar ás mulleres desde a perspectiva do simbolismo de xénero, da estrutura de xénero e do xénero individual no plano central do pensamento que elaboran, puideron concibir doutro modo os obxectivos dos programas de investigación, comezaron a teorizar doutra forma os obxectos de coñecemento²⁸ e están permitindo transmitir na docencia novos contidos.

²⁷ Harding, Sandra: *Ciencia y Feminismo*, op. cit., p. 18.

²⁸ Cfr. Flecha García, Consuelo: "La Historia de la Educación de las mujeres como campo de investigación", en VV.AA.: *Etnohistoria de la Escuela*, Burgos, Publs. Universidad de Burgos, 2003, pp. 977-990

Como é un terreo recente de investigación en canto ámbito de estudio e de relacións con outras ciencias, o proceso estase producindo de forma paulatina²⁹. En canto disciplina académica ofrece aínda menos problemas cá historia da educación á hora de integra-los temas e cuestións que a preocupan, quizás pola pouca distancia que aínda existe entre ensinanza e investigación, entre o que se transmite nos espazos académicos e docentes e as investigacións que se van realizando. Unha case inmediatez caracteriza o proceso que se está producindo.

Os itinerarios dunhas experienci@s plurais

A educación é un feito que acompañou a tódalas sociedades historicamente coñecidas, que afectou a tódolos membros que formaban parte delas, aínda que o fose de maneira moi diferente e desigual. O seu estudio é de fundamental importancia para entende-los mecanismos de reprodución que dan estabilidade e permanencia ás sociedades e os sistemas de produción, é dicir, os de creación cultural sexa esta material ou intelectual. De aí que existisen en tódolos sistemas sociais diversos modos informais e regrados, orientados á formación das xeracións novas; códigos de conducta e institucións pedagóxicas tanto para a educación informal coma para a metódica dos seus individuos e grupos, incluídas as mulleres. Unhas mediacións para a culturalización e socialización, das que só metodoloxicamente pode xustificarse un estudio segregado, un acercamento descontextualizado, e non enfoques máis globais ou totalizadores. Unha meta á que chegar cando recobrémo-la memoria do aínda non contado.

En relación coas mulleres, os primeiros conflitos de identidade coñecidos entre as que cultivaran algún saber empezáronse a producir nos inicios do Humanismo e foron crecendo para un número xa significativo delas ó longo do Renacemento. Os proxectos deseñados por algúns pedagogos que formaban parte do movemento humanista tiveron consecuencias para a educación feminina, pois tomaron posición nun debate que terminou aceptando, ó menos para unha minoría, un modelo concreto de educación, aínda que o que propoñían non daba resposta ás inquietudes manifestadas por algunhas das que, naquel século, empezaban a moverse nos círculos sociais máis cultos. A súa incipiente visibilidade na vida social durante o Renacemento púidose interpretar que respondía a uns cambios profundos e ameazadores para as relacións sociais entre os sexos, pero non foi así en realidade, xa que as únicas situacións que se sinalaban como propias da súa condición persoal e social ían unidas ó estado que lles correspondía nas diferentes idades: o de doncela, o de casada e o de viúva³⁰.

Nos séculos que coñecemos como Idade Moderna, non faltan mulleres no mundo da cultura que atraeron sempre a atención e ocuparon espazos nos libros de Historia que gardan a nosa memoria, pero a súa presentación descontextualizada levou a difundir certos relatos triunfalistas, nos que se dota de protagonismo só a un determinado tipo de mulleres, ás que se presenta como excepcionais, é dicir, como excepción ó que debía se-la condición feminina e, de acordo con iso, non imitables.

²⁹ Esta é a división que utiliza Juan Luis Vives para organiza-las diferentes partes da súa obra *De institutione feminae christianae, La formación de la mujer cristiana*, publicada en 1524. A última tradución en castelán editouna o Concello de Valencia en 1994 (416 pp.)

³⁰ Cfr. Ballarín Domingo, Pilar: "Las mujeres como sujeto/objeto de la Historia de la Educación Española Contemporánea", en VV. AA.: *Muller e educación en España. 1868-1975*, Santiago, Universidade de Santiago, 1990, p. 31.

Máis tarde, algúns dos pensadores da Ilustración, consciente ou inconscientemente, rexeitaron desliga-los roles sociais das mulleres e dos homes da adscripción ás súas diferencias fisiolóxicas, fixando a actividade das mulleres e, polo tanto, a súa educación, en relación con dous tipos de propostas: unha, a que garantía a 'subsistencia' familiar, e outra, a que preparaba para a crianza dos fillos e fillas. Desta maneira xustificáronse as restricións para outros tipos de instrucción afirmando, en consecuencia, que as mulleres parecían incapaces de comprende-lo mundo en que se movían os homes.

Cando no paso do Antigo ó Novo Réxime se decidiu amplia-los grupos ós que había de chega-la instrucción, a postura dos gobernantes cara á educación feminina non consistiu en facilitárle-la igualdade de oportunidades con respecto ós homes dos seus mesmos grupos sociais, aínda que, en realidade, ese ía sendo o obxectivo que desexaban e vindicaban moitas mulleres, senón no deseño dun programa que proporcionase unha formación máis ampla para criar e para educar mellor os seus fillos homes, os que eran os destinatarios da cidadanía. Unha actividade que pertencía á vida privada e á que non se lle recoñecía ningún tipo de relevancia pública e política.

O progresivo incremento de mulleres que permanecían solteiras a medida que transcorría o século XIX, coas dificultades que implicaba para a súa supervivencia económica, non estivo allea á campaña máis xeneralizada que encontramos no último tercio de século –especialmente no mundo anglosaxón– para que se lles proporcionasen outras oportunidades de vida distintas do matrimonio, do que quedaban fóra cada vez máis mulleres. O acceso ás distintas modalidades da educación institucional que se foi producindo, a extracción e status social das que ían sendo as pioneiras, as relacións entre educación e traballo, as propostas curriculares e as actitudes dalgúns grupos ante estes feitos, sintetizan boa parte dos problemas neste campo na Europa do paso do século XIX ó XX.

Estábase iniciando entón un acceso restrinxido e controlado a estudos non habituais, e pódese comprobar en moitas das fontes da época cómo a súa participación en actividades profesionais e científicas era considerada a usurpación dun espazo que non lles correspondía; e cando empezou a crecer pola forza das circunstancias –o recoñecemento dun dereito debido, a vontade persoal das protagonistas e as necesidades sociais–, intentouse circunscribi-la súa actuación a límites que non superasen moito os que tiñan marcados, manténdolas en carreiras e en postos profesionais próximos á función específica encomendada. A segregación vertical e horizontal da presenza feminina produciuse, desde o principio, por ese insistente intento de garanti-lo control dos cambios que se estaban producindo.

Por exemplo, un enmascaramento intencionado da súa presenza no ámbito da ciencia acompañou o crecemento da súa participación na ensinanza superior perante o primeiro tercio do século XX e o seu acceso ás correspondentes profesións, ó prezo de aceptar só determinados traballos e cun tipo de recoñecemento cargado de ambigüidade. O acercamento a esta realidade proporcionáanos unha boa base para un campo inesgotable de preguntas: ¿como, a pesar de todo, se orixinou este acceso? ¿que mulleres foron as que o iniciaron? ¿como foi crecendo este movemento? ¿que dificultades encontrou no camiño?

Pero, en tódolos casos, as mulleres afectadas representaban unha minoría polo que, para amplia-la visión sobre o que pasou a un maior número de mulleres, a historia da educación debe construírse integrando as demais variables do proceso histórico do que forman parte e

no que adquiren o seu verdadeiro sentido os itinerarios femininos. Aínda que non unicamente, é necesario ter en conta, en cada época histórica, as posibilidades de educación das mulleres en comparación coas dos homes en circunstancias semellantes, o que supón atender ó sistema de xénero no que se producían. Gracias á aplicación da categoría xénero pódese analizar esta dimensión das mulleres dentro da mentalidade xeral na que se produciu, e comparala coa situación que nese mesmo contexto e sociedade se presentaba como necesaria para participar das condicións do progreso que se ía logrando. Pero, ó mesmo tempo, hai que desvela-la educación que recibiron das súas nais e doutras mulleres, na maior parte dos casos para desempeña-lo papel asignado e, ó mesmo tempo, tamén para espertar, ó menos nalgunhas, o desexo de saber e de coñecemento que despois seguían cultivando.

Un tipo de educación condicionada e, a miúdo, totalmente determinada polas diferentes instancias da estrutura social que non resulta fácil disociar dos compoñentes culturais nos que deben ser analizados os criterios éticos, as posturas ideolóxicas, a presión das convencións e os usos colectivos, se queremos chegar a saber mellor qué sucedeu para que as mulleres tivesen que responder, á marxe do que fosen as súas propias decisións, ás necesidades sociais que elas tiñan que cubrir, e se queremos explica-las interaccións, as sincronías, as achegas e ata as contradicións entre unhas e outras realidades.

Para estas últimas décadas de escolarización xa total das nenas, e en aulas mixtas, quizás unha das primeiras tarefas que empezaron a facerse é a de rele-lo concepto de educación e os seus significados neutros ou xenéricos con que se aplica en case tódolos casos, e incluso analizar criticamente moitos dos argumentos da psicoloxía evolutiva e das bases biolóxicas da personalidade que se utilizan para fundamenta-las prácticas educativas ó uso. Porque se hai que recompilar datos sobre mulleres do pasado para amplia-lo saber científico e académico, tamén é urxente contribuír a un coñecemento actual delas que proceda das propias mulleres.

Un camiño que se pode percorrer desde diferentes propostas, entre as que sinalo algunhas:

1. A primeira, facendo, como sinalou Pilar Ballarín en 1990, "unha relectura crítica, non androcéntrica, da Historia da Educación contemporánea española, que non esqueza que o home foi o educador da muller a través dos discursos hexemónicos, pero sen esquecer que as mulleres non foron meras receptoras pasivas da cultura masculina"³¹. De feito, cada vez dispoñemos de máis itinerarios femininos que demostran que en tódalas épocas da historia houbo mulleres que silenciaron nas súas propias vidas as mensaxes esencialistas que recibían, adquirindo saberes, desenvolvendo actitudes e desempeñando funcións á marxe do que era habitual.
2. Unha segunda, analizando os discursos e as prácticas familiares, relixiosas e escolares, que tiñan unhas formulacións e unhas dinámicas que orixinaban e xustificaban desigualdades en razón do sexo e da clase social, pero que, ó mesmo tempo, facían circular de xeración en xeración de mulleres os saberes cos que elas contribuían ó benestar da vida cotiá e das relacións próximas. Estudando as raíces das que proceden discursos e prác-

³¹ Collingwood, Robin George: *Idea de la Historia*, México, Fondo de Cultura Económica 1970, p. 31.

ticas en cada un deses ámbitos, así como o significado e incidencia persoal e social dos modelos de comportamento que, a través deles, se lles mostraban.

3. Indagando tamén o cómo afrontaron as propias mulleres en cada época e contexto as expectativas vinculadas ó seu rol, os temores que sentían, os desexos que manifestaban, as fantasías que lles servían de apoio e de impulso, e coñecendo cáles foron as estratexias que utilizaron para o acceso á cultura e ó saber a pesar do seu confinamento nun espacio moi delimitado en canto ás relacións que podían establecer, como era o ámbito doméstico.
4. Identificando a xénese histórica dos diferentes elementos desta disciplina: os conceptos e as teorías sobre a educación das mulleres, os contidos que se consideraban adecuados para elas, os modos de transmisión e os efectos que a educación debía ter na vida cotiá, na pública e na privada. E rescatando, ó mesmo tempo, os saberes e as actuacións femininas non incorporadas á ciencia académica por consideralas inexistentes, nuns casos, ou pouco relevantes noutros.
5. Rescatando, para o seu coñecemento e análise, a produción pedagóxica e as experiencias educativas de autoría feminina. As obras en que deixaron reflectido o seu pensamento educativo e o seu modo de concibir e de desenvolver os procesos de ensinanza.
6. Vendo cómo se produciron os procesos de profesionalización das mulleres despois de adquiriren unha formación cualificada de nivel medio e superior, e de tomaren unhas decisións que as incorporaban a responsabilidades fóra do ámbito doméstico, o que lles proporcionou unha maior autonomía persoal para outras dimensións da súa vida.

As funcións sociais da Historia da Educación das Mulleres

O que se teñan relativizado algunhas das certezas básicas, elementais, acerca do carácter exacto e obxectivo da ciencia, e sobre a súa capacidade inherente de mellora e de transformación da realidade social, non significa deixar de recoñecer que os descubrimentos científicos foron a causa máis determinante do progreso experimentado pola sociedade durante os últimos séculos. A aceptación do que anunciaban, actitude necesaria para que se aplicasen e tivesen algún efecto na práctica, precisou ás veces de grandes cambios de mentalidade, á vez que os avances científicos fixeron máis naturais e, polo tanto, máis atractivos desde o punto de vista político e moral, os cambios sociais nos seus comezos. Ter en conta as relacións causais mutuas entre as ideas novas e as transformacións que impulsaban axuda a entende-la función social de toda ciencia e, neste caso, da historia da educación e da historia das educación das mulleres. De aí que siga sendo pertinente actualiza-las respostas á pregunta que en 1970 formulou o filósofo da historia Robin George Collingwood “¿para que serve a Historia?”³².

A forma propia do coñecemento histórico interpela dun modo peculiar á persoa que o cultiva na medida en que non se quede nun saber especulativo á hora de capta-la realidade e

³² Galino Carrillo, Ángeles: “Conciencia histórica y formación humana. Pensar la historia para la educación”, en *Revista Española de Pedagogía*, 198, maio-agosto 1994., p. 259.

de moverse nela. E contribúe a unha conciencia histórica –a un estilo de acercarse e de entende-la realidade pasada e a presente– que axude á persoa a entenderse mellor a si mesma; que provoca, dalgún modo, a autoimplicación de quen coñece; e que impulsa, e con especial énfase, a finalidade importante de situarse no mundo e de participar na construción dunha sociedade diferente. Uns efectos que se están producindo, en gran medida, na historia das mulleres.

As indagacións da historia en xeral e da das mulleres en particular responden, en boa parte, á busca de raíces, pero tamén a unha inquietude polo presente que nos fai preguntarnos: ¿Como chegamos ata aquí? ¿Que esquecementos colectivos e qué abandonos consensuados levamos consentido para encontrarnos nesta situación?³³. Dun presente, polo tanto, que non quere ser fugaz nin efémero, senón conectado á memoria e con vontade de camiñar cara a un futuro mellor. Preguntas que, ó formulalas desde a historia da educación das mulleres, non só levan a denunciar unha situación do pasado na que se deixaron no silencio as pegadas deixadas pola poboación feminina e a deterse nese movemento actual que, aínda que con excesiva lentitude, empezou a buscalas, senón que con elas se está aludindo á urxencia de implicarse nos cambios necesarios que reclaman o que imos encontrando.

Porque a formación dalgún grao de conciencia histórica, precisamente pola pregnancia vital do saber histórico, non só é susceptible de suscitar cuestións e actitudes referidas ó presente, senón que implica tamén un abrir camiños cara ó futuro. É aí, xustamente, onde nace a responsabilidade social, moral, dos que escriben Historia³⁴ e dos que a transmiten e inician a outras persoas nela, xa que ó facelo "xunto con mirar ó pasado, traballan en favor do porvir"³⁵. Precisamente esta responsabilidade é a que leva á Historia das Mulleres a contribuír a unha nova maneira de ve-lo presente e a conformar unha memoria que queremos e sabemos que vai abrir un futuro distinto; a querer que o traballo que se realiza sirva para algo, que sexa de utilidade para o conxunto da sociedade, o cal responde, en primeiro lugar, a unha necesidade persoal, pero tamén á esixencia dun compromiso social, dunha responsabilidade de cara ó propio contexto.

É dicir, estase pretendendo que desde a presenza nesta tarefa de reconstrución de xenealoxía feminina se ofrezan antecedentes que abran canles de implicación no que aínda espera. E neste tema, a investigación histórica documenta abundantemente a xénese e desenvolvemento das dependencias e da subordinación que se viviron e que, como as ventás que abre a mundialidade nos mostra, se seguen vivindo en moitas sociedades na actualidade; e nos avisa igualmente dunhas relacións reais entre grupos humanos, neste caso entre homes e mulleres, que están moi lonxe de mostrarnos sempre procesos desexables xa que rexistran moita submisión e inferioridade que foron xerando asimetrías crecentes³⁶. Pero non só, porque a medida que volvémo-la mirada encontramos tamén desexos, logros, espazos de liberdade e saberes valiosos entre as mulleres.

³³ Cfr. Viñao Frago, Antonio: "De la importancia y utilidad de la historia da educación...", *op. cit.*, p. 33.

³⁴ Bruhns, Hinnerk: "El inaccesible pasado alemán", no *Correo da Unesco*, París, abril de 1990, p. 9.

³⁵ *Ibidem*.

³⁶ Cfr. Hernández Sandoica, Elena: *Los caminos de la historia. Cuestiones de historiografía y método*, Madrid, Síntesis, 1995, p. 8.

A conciencia do pasado, a esixencia de todo grupo humano de ter unha conciencia do seu pasado colectivo, é un compoñente inevitable das dinámicas sociais que xorden no presente, das institucións que herdamos, dos sistemas de valores cos que actuamos e das tradicións que nos acompañan. Se os antropólogos atribúen o nacemento da historia ó espertar da conciencia do eu, outra das súas funcións será axudar á adquisición do necesario sentimento da propia identidade, e tamén da identidade doutras persoas e grupos. Neste sentido, a historia da educación das mulleres pode ser un factor cualificado na formación da conciencia sobre a identidade persoal e colectiva.

De todo isto participa o traballo de reflexión e de teorización que se está facendo desde os 'Estudios das Mulleres' en xeral, e desde a Historia das Mulleres en particular, nas universidades e en institucións nacionais ou supranacionais. Quizais sexa unha das razóns pola que a actividade que desenvolven estea tendo unha profunda repercusión social. E, seguramente, seguirá a tela nos próximos anos na medida en que contribúe a prácticas de intervención que queren difundir outro concepto de sociedade e outros modos de entende-las funcións de homes e de mulleres dentro dela.

A Historia da Educación das Mulleres como disciplina académica

As disciplinas van sendo o resultado do modo en que as respectivas comunidades científicas definen historicamente os confíns da súa identidade; é dicir, de cómo van establecéndose os criterios, a miúdo imprecisos e controvertidos, en parte variables ou oscilantes, que determinan a inclusión e a exclusión das investigacións concretas –proxectadas ou realizadas– nun determinado campo disciplinar³⁷. No caso da historia da educación das mulleres sitúase na corrente de evolución experimentada polo que se denominan 'historias sectoriais', como xa se apuntou.

Un desenvolvemento que se está producindo precisamente cando percibimos que a ciencia histórica se ve rodeada dunha actitude de minusvaloración pola falta de relevancia de que se rodean as referencias e as análises que aluden ó pasado e á memoria; cando se ve obrigada a seguir xustificando a súa utilidade e os seus fins, ó menos no ámbito da ciencia pedagóxica e da formación do profesorado, ante un currículo de formación que privilexia disciplinas máis utilitarias e experimentais, polo que as materias históricas van perdendo campo como disciplinas académicas. Pero nesta disciplina, e desde a experiencia coa que xa se conta, vemos que rompe esta tendencia pola novidade que supón a historia da educación das mulleres para o alumnado que a cursa.

Nela encóntranse ante unha realidade descoñecida non só polos contidos que transmite senón especialmente polo nivel de conciencia que esperta, en moitos dos casos, de forma sorprendente e interpelante. De aí que non haxa que desestima-lo carácter de compromiso engadido co grupo humano que é obxecto de estudio, e co que se sente afectado por iso, que supón o optar por unha investigación e unha docencia sobre a historia da educación das mulleres. Primeiro, porque se a historia é, por definición, a memoria colectiva da sociedade, é unha contribución o incorporar ó que dela sabemos a unha das dúas partes que a consti-

³⁷ Gómez García, María Nieves: *Ciudad y saber. Sevilla en la historia de la educación*, Sevilla, Gihus, 2002, p. 7.

túen; e segundo, porque se a historia é diversidade, é pluralidade, o introducir novas perspectivas, novas visións e novas protagonistas enriquece as análises e as sínteses que está chamada a ofrecer. Preserva-la memoria colectiva e educar nesa diversidade de propostas, de obxectivos e de accións non son tarefas ociosas nin inútiles senón, entendo, decisivas no relato co que transmitímo-lo pasado.

Quizais non sexa alleo a ese movemento utilitarista o que as disciplinas históricas estean buscando sobrevivir cunha atención a contidos máis específicos; cunha parcelación do saber histórico que favoreza a capacidade de conectar cunha preocupación crítica polas causas dos fenómenos sociais hoxe emerxentes, os que se están convertendo en obxecto de atención crecente por parte de moitas historiadoras e historiadores actuais. Non fai falta insistir unha vez máis na evolución experimentada nos últimos anos en canto ós centros de interese e á súa diversificación en torno a aspectos que vinculan a educación con cuestións intelectuais e sociais, que a estudian desde "a inquietude por indaga-las relacións entre a vida cotiá e o saber"³⁸. Nelas insírese unha boa parte das que busca atende-la historia da educación das mulleres no camiño que iniciou como disciplina científica e académica.

Como un dos temas específicos de certa amplitude que cobrou autonomía e protagonismo na investigación histórico-educativa, no marco dunha demanda crecente de ensinanza e de investigación sobre historia das mulleres, o interese por unha historia da educación que entenda a realidade educativa desde perspectivas máis amplas, está contribuíndo a corrixir esa omisión pola que parecía que as mulleres non foran nin obxecto nin suxeitos de educación; da mesma maneira que se supoñía que non tiveran ningún tipo de intervención deseñable no acontecer histórico. Caer na conta agora da invisibilidade, do silencio das mulleres na historia, espertou a curiosidade intelectual e o compromiso dunha parte da comunidade científica cun sector de coñecemento non atendido ata agora.

O desenvolvemento da historia da educación das mulleres é unha das referencias que están servindo para que desde cada historia sectorial se atenda á outra metade da poboación, máis silenciada ca calada de acordo co que moitos estudos están poñendo de manifesto. Unhas historias especiais que poden ser vistas nalgúns círculos académicos como disciplinas menores, só ilustrativas ou formativas, cando non como de mera erudición, ornamento ou curiosidade; uns contidos ós que se fai necesario deixar un oco, pero que pode pensarse que son escasamente útiles desde un punto de vista profesional en comparación cos doutras disciplinas³⁹.

Polo tanto, neste contexto ¿que historia da educación das mulleres é necesario facer? ¿que temas incluír nela? ¿con que orde? ¿como enfocalos? Responder a estas cuestións implica volver, previamente, ó sentido e á funcionalidade que encerran estes temas, ó a quen se dirixe a disciplina, ás motivacións que levaron á súa elección, ás disposicións que se quer fomentar, ó contexto do tipo de profesionais ou de titulacións nas que se vai desenvolver,

³⁸ Cfr. Viñao Frago, Antonio: "De la importancia y utilidad de la historia de la educación (o la responsabilidad moral del historiador)", *op. cit.*, p. 17.

³⁹ As obras de Ballarín Domingo, Pilar: *La educación de las mujeres en la España contemporánea (siglos XIX-XX)*, Madrid, Síntesis, 2001, 206 pp., e de Escolano Benito, Agustín: *La educación en la España contemporánea. Políticas educativas, escolarización y culturas pedagógicas*, Madrid, Biblioteca Nueva, 2002, 366 pp.

ó lugar que ocupa no conxunto de disciplinas históricas e pedagóxicas, e a cáles son as súas relacións con elas.

E supón decidirse non só a desenvolve-lo programa da disciplina autónoma, a Historia da Educación das Mulleres, en onde se imparte dentro dos planos de estudio, senón a introducir algúns temas específicos ou contidos fundamentais dela nos programas do resto de disciplinas de Historia da Educación, especialmente nas que abordan o período moderno e contemporáneo; aínda que nelas é loxicamente menor o tempo e as posibilidades coas que se conta para proporcionar unha visión histórico-comparativa global da bagaxe de coñecementos dispoñible. Pese a isto, creo que é moi importante manter esta dobre orientación aínda que pareza un proxecto difícil de articular en moitas ocasións debido á incidencia de variables como esa do tempo asignado para abranguer temas tan amplos⁴⁰

Dúas posturas que se están adoptando entre os que se interesan por esta materia, sen ter que elixir en tódolos casos por unha ou por outra das dúas alternativas formuladas por Rosi Braidotti na pregunta “¿os estudos sobre a muller deberían ser un campo autónomo en si mesmo, ou deberían ter como obxectivo a integración noutras disciplinas? As integracionistas aspiran a incluí-los estudos sobre a muller nos programas existentes e así obrigar ás disciplinas a que evolucionen; as autonomistas, por outro lado, cren na ruptura e na especificidade do saber baseado nas mulleres⁴¹”. Con calquera das opcións hai que intentar que o conxunto de feitos e de datos que se vai producindo como froito da investigación, anteriormente non dispoñibles para a transmisión académica, sexan incorporados nalgún momento, desencadeando, en consecuencia, unha revisión das disciplinas correspondentes en canto a certas bases teóricas que lles servían de apoio e a unha nova selección dos contidos de aprendizaxe.

Nunha ou noutra maneira, o importante é que unha das respostas á pregunta sobre o sentido e a finalidade desta disciplina teña que ver coa capacidade formativa-mental que pode contribuír a conformar; é dicir, coa influencia que exerza no tipo de mentalidade –en canto forma de pensamento e de expresión, en canto modo de capta-la realidade, de ordenala e transmitila, en canto procedemento para espertar sensibilidades e para establecer relacións. Tamén coa capacidade formativa-profesional que, sen dúbida, pode ter polo feito de destacar aspectos e maneiras de observa-la realidade que facilitasen a análise e a interpretación do que suceda nos seus futuros ámbitos de convivencia e de traballo, así como dos lugares que ocupen nesas estruturas homes e mulleres en razón do sexo. E en terceiro lugar, coa construción teórico-científica, na cal as achegas históricas desempeñan un papel importante á hora de fundamentar e de xustifica-los seus postulados.

Sen a historia, sen a perspectiva da realidade como proceso –no que ten de continuidade e de cambio–, sen esa ampliación do espacio da experiencia humana –coa súa diversidade, a súa complexidade, a súa provisionalidade, coas relacións que establece e as contradicións que emerxen–, e sen esa articulación temporal que permite a consideración xene-

⁴⁰ Braidotti, Rosi: “Teorías de los Estudios sobre la Mujer: algunas experiencias contemporáneas en Europa”, en *Historia y Fuente Oral*, nº 6, 1991, p. 11.

⁴¹ Galino, María Ángeles: “La mujer en la educación y en la cultura”, en *Congreso Internacional de la Mujer*, Madrid, Editorial Almena, 1972, p. 110.

alóxica do analizado, non sería posible todo o anterior. Non é nova, neste sentido, a afirmación de que "en historia, as cuestións de sentido están estreitamente relacionadas coas cuestións de xénese e evolución"⁴².

Esta disciplina permitirá coñecer-lo pasado das mulleres no marco das relacións androcéntricas nas que discorria a súa vida; creba-lo nesgo masculino do coñecemento tradicional transmitido pola Historia da Educación, mitiga-lo esencialismo suposto respecto dos sexos e, sobre todo, recuperar unha historia feminina propia con investigacións que dan a coñecer-lo procesos educativos dos que participaron as mulleres, os saberes e as actividades das que foron protagonistas e con que contribuíron ó benestar e ó progreso social ó longo da historia.

O punto de partida para conseguir unha historia da educación das mulleres que, iluminando o pasado, axude a seguir formulando cuestións de presente e de futuro, é a autoconciencia que esperta e desde a que analiza as múltiples mediacións presentadas nela. Conciencia que, a partir da experiencia dos desaxustes e das disonancias nas prácticas e nos discursos, permitirá descubri-la contradicción que acompañou a vida das mulleres, especialmente nos grupos que se poden considerar máis igualitarios, e fará posible iniciarse en novas maneiras de ver e de coñecer, noutros modos de acercarse e de explica-la realidade, e na busca de propostas de transformación, aspectos que dan verdadeiro sentido e utilidade ó estudo desta disciplina. É un campo de coñecemento do que o desenvolvemento e a comprensión nos pode axudar a entender moitas dimensións da realidade que vivimos, de aí que emerxese como un tema importante de estudio nos últimos anos, xustificando ademais polo descoñecemento que se tiña del.

Unha proposta de deseño docente para esta disciplina

Como calquera outra disciplina histórica, a que aquí nos ocupa é tamén memoria e recordo, é linearidade e secuenciación, é relación e conexión, é pasado, presente e futuro, polo que os obxectivos xerais dentro dos que esta disciplina debe moverse son os que corresponden fundamentalmente a calquera outra disciplina de carácter histórico. Aqueles que contribúan a entendela non como un conxunto de secuencias automáticas, senón problemáticas, que permitan analizala en profundidade, sen simplificacións, que leven a contar coa situación, e a poñerse nela, e no contexto da mentalidade da época correspondente, que axuden a entrar en todo o que os feitos e os datos reflicten de vida feita por mulleres e por homes, e a comprende-lo presente polo pasado e o pasado polo presente⁴³. Cuestións chamadas a servir como marco de referencia dentro do que hai que situa-las capacidades xerais que debería adquirir-lo alumnado que se acerca á Historia da Educación e, neste caso, á específica de Historia da Educación das Mulleres.

Sinala que a inclusión da disciplina de Historia da Educación das Mulleres no currículo contribúe á formación do futuro profesorado de diferentes niveis de ensinanza, de axentes de

⁴² Cfr. Sánchez Prieto, Saturnino: *¿Y qué es la historia? Reflexiones epistemológicas para profesores de secundaria*, Madrid, Século XXI, 1995, pp. 31–33.

⁴³ Cfr. Ruiz Berrio, Julio: "Metodoloxía docente de la historia de la educación", en *Revista de Ciencias de la Educación*, 157, 1994, p. 74.

educación noutros ámbitos e dos que queren completa-lo seu propio plano de estudos con créditos de libre configuración, elixindo un acercamento a estes temas tan específicos nun dos campos dos 'Estudios das Mulleres'. Unha procedencia de estudantes tan plural supón ter que contar coa conseguinte diversidade de coñecementos previos e de intereses, o cal pide o recurso a estratexias e a técnicas no proceso de ensinanza-aprendizaxe que permitan posibilidades de adecuación ás súas necesidades e ás súas características.

E se quere responder ó seu enunciado, a selección dos contidos, aínda que ofrezan unha marxe lóxica de variabilidade, non debe afastarse de certos núcleos básicos; en cambio, as estratexias metodolóxicas deberán de adaptarse non só ó nivel curricular que esixe o ámbito académico no que se desenvolve, senón ás peculiaridades propias do alumnado que cada ano elixa ou teña que cursar esta disciplina. Pois aínda que exista unha metodoloxía docente xeral, tanto desde o que espera o alumnado coma desde o que ofrece o profesorado, cada materia permite a súa propia de acordo cos que van estudiala e, neste caso, coa peculiaridade que proporciona o subliña-la finalidade de espertar conciencia, de sensibilizar.

Unha disciplina que, en opinión dos que a cursaron, responde directa e indirectamente a un conxunto de cuestións que perciben que na sociedade van ganando actualidade e relevancia, que comprobán que teñen repercusións para a súa propia vida persoal e que, ademais, descubren que deberán ter en conta en calquera ámbito profesional no que se desenvolvan máis adiante. O acercamento a informacións e a perspectivas menos habituais na súa experiencia discente, a utilización de novas fontes que afectan ós contidos das súas propias carreiras –as pedagóxicas e as dos que se matriculan procedentes doutros campos– e, incluso, unha certa dinámica e ambiente de aprendizaxe que se adoita ofrecer máis nas facultades de Ciencias da Educación ca noutros Centros –no caso do grupo que a cursa como libre configuración–, está dando como resultado uns niveis de rendemento e de satisfacción moi positivos. Ademais, manifestan ó comezo do curso que parte do seu interese ó elixi-la disciplina está motivado polo descoñecemento que recoñecen ter destes temas; e no caso dos alumnos, incluso pola curiosidade ante un mundo, o feminino, que non imaxinaban como obxecto da súa atención intelectual.

Entre as dificultades que se presentan para traballar nela está a preparación histórica que trae en xeral o alumnado ó chegar á universidade, a que o profesorado de Historia valoramos normalmente como decrecente. Ó que se une esa que chamamos nova modernidade da que as xeracións de mozos participan e que, en moitos aspectos, é productora de amnesia, é dicir, que borra as referencias e intenta oculta-las inevitables ancoraxes co pasado. De aí que haxa que intentar facerlles comprender algo máis cá existencia do tempo histórico; que haxa que levarlos ás raíces dun proceso, busca na cal intervén todo un conxunto de elementos susceptibles de establecer diálogo co pasado, coa finalidade de facer máis comprensible o presente en que viven; que haxa que arbitrar unha oportuna combinación de lóxica, de imaxinación e de sentimento, sen prescindir das implicacións éticas, dos valores que subxacen como parte substancial do relato histórico en que se están introducindo.

E en canto ós procedementos e á cadencia do desenvolvemento das diferentes partes da materia, creo que, ás veces, hai que acompañar ó grupo nun proceso e nun estilo de reflexión que permita percibi-las diferencias entre estudo académico e relato de divulgación; algo no que, en determinadas partes do programa pode ser, ó principio, máis difícil de distinguir

pola cantidade de interrogantes, de percepcións novas, de cuestionamentos e de experiencias que emerxen ó entrar na consideración dalgúns dos temas.

Nun intento de sintetiza-las finalidades ás que a ensinanza da Historia da Educación das Mulleres debe responder, sinalámo-las seguintes:

- Que o alumnado que a cursa sexa capaz de integra-los itinerarios educativos das mulleres no conxunto das relacións sociais, culturais, políticas, relixiosas e económicas que caracterizaron cada unha das etapas da historia. Que chegue a situa-los feitos e os procesos históricos nunha sociedade, nun tempo e nun espacio determinados pero en interacción recíproca con outros; destacando, nos diferentes períodos, a serie de pautas que definen a traxectoria das mulleres neles.
- Que lle proporcione, ó mesmo tempo, unha aproximación a formulacións pedagóxicas que tamén afectaron ás mulleres e que, se ben referidos ó pasado, pode servir para entender as situacións educativas do presente e, incluso, para axuiza-lo porqué da historia que coñecemos a partir da educación proposta para os homes e para as mulleres.
- Que adquira un "corpo de coñecementos básicos" sobre a evolución histórica da educación das mulleres, así como un conxunto de ideas e de redes conceptuais que lle permita comprender esa evolución⁴⁴ como noutras materias históricas. Entrar na súa xénese e na súa evolución, nas continuidades e nos cambios ó longo do tempo, nas persistencias e nas rupturas, dando un sentido dinámico e dialéctico á realidade acontecida.
- Que poida recrear, en definitiva, ese pasado que o alumnado, e especialmente as estudantes, ten que descubrir como o seu pasado, interpretalo e dar desde el máis luz ó presente, ó seu presente. Que perciba que do que se trata é de coñecer unha historia que está máis cerca da actualidade do que alumnas e alumnos perciben espontaneamente, o cal os enfrenta directamente cos antecedentes inmediatos da sociedade e do tipo de relacións en que nos movemos.
- Que perciba que a proximidade destes problemas esixe un achegamento que non só se abra á análise e á reflexión intelectual, senón que faga posible unha sensibilización, unha toma de conciencia e uns compromisos concretos cos cambios que a realidade descuberta requira.

Como consecuencia do anterior, un obxectivo importante deste proceso de ensinanza-aprendizaxe, ten que centrarse en adquirir unha conciencia e unha mentalidade históricas que permitan ver, desde esta perspectiva específica, os problemas e as cuestións que afectaron ós procesos educativos das mulleres. Unha conciencia e unha mentalidade en relación coa educación das mulleres, nas súas dimensións non só cognitivas senón tamén éticas.

Que introduza nunha visión integral e contextualizada da historia da educación das mulleres en conexión coas achegas que ofrecen outras disciplinas sobre os mesmos feitos que se analizan: coa historia das mulleres, coa historia xeral, coa historia sociocultural e con outras ciencias humanas e sociais.

⁴⁴ Gianna Di Caro sinala nunha das súas obras que o tempo é en Historia un organizador imprescindible que ordena a secuencia dos acontecementos e procesos, que mide as duracións e que define os períodos. Cfr *Insegnare storia La disciplina, l'apprendimento, il metodo*, Milano, Franco Angeli, 1992, p. 63.

Que o alumnado chegue a asumi-la historia como unha historia crítica, de visións plurais e ata contradictorias, que lle permita descubri-la complexidade de recrea-lo pasado desde un presente determinado. Que desenvolva a capacidade para captar que a realidade que coñecen non é estable e fixa, senón o resultado dunha construción sociocultural e educativa determinada por concepcións previas, e que o recurso á xenealoxía e a unha análise máis global, permite descubri-la verdadeira natureza e dinamismo interno da mesma.

Que se inicie na localización e acceso a fontes e a documentación sobre os itinerarios vitais das mulleres ó longo do tempo. Un dos obstáculos que sempre se sinalaron á hora de construí-la súa historia, pero que ten que ver, máis que coa súa ausencia, cos criterios que se utilizaron para ler e interpreta-las fontes ás que se tivo acceso.

Liñas dun programa temático

Respondendo a este deseño, a selección de contidos para traballar non teñen por qué deixar de axustarse a ese carácter basicamente informativo-formativo que permite ó alumnado unha comprensión estruturada de cada unha das materias do plano de estudos. Pero, ó mesmo tempo, hai que incidir nas estratexias que conduzan a un desenvolvemento de actitudes valorativas ante os feitos narrados, esas que contribúen a sensibilizar e a crear conciencia a partir da información e da reflexión sobre a mesma. Finalidades encamiñadas a unha educación que, ademais de introducir en novas visións do pasado, supoña a posibilidade de iniciar cambios reflexivos, adaptacións do eu á realidade descuberta e outras formas de relación cos demais e cos contextos sociais e ambientais que compartimos.

De acordo con isto, coas circunstancias académicas e científicas concretas nas que se move, en xeral, a actividade docente das nosas universidades, penso que as liñas dun programa que ten que ser amplo, flexible e susceptible de cubri-los aspectos máis importantes dentro do espazo que teña no plano de estudos do alumnado que a elixe, deben dirixirse á adquisición duns coñecementos e á reflexión sobre uns conceptos, uns feitos e unhas actitudes que entendo importantes, non só en si mesmos, senón polos vínculos que manteñen con outros elementos, con outras dimensións e con outras destrezas do currículo académico e da propia experiencia.

Sinalo de novo que un criterio adecuado para encadra-la historia da educación das mulleres é o de situala no proceso de evolución dos cambios sociais, de acordo coa incidencia que tiveron na vida das mulleres; facelo sen prescindir do todo da periodización histórica tradicional, pero sabendo que non sempre é aplicable e, sobre todo, coa atención posta nos cambios estruturais acaecidos nos dous últimos séculos. En función de todas esas dimensións hai que preguntar polo qué, o cómo e o para qué transmitir-los aspectos que entendemos máis significativos da historia da educación das mulleres, utilizando criterios de visibilidade e de referencia, contrastando as teorías cos procesos reais de desenvolvemento, facendo novas lecturas do currículo asignado e do funcionamento das institucións, relacionando as ideas políticas e as dinámicas sociais cos criterios e coa normativa que regulaban as prácticas educativas.

A interacción que se produce aquí entre investigación e docencia non pode senón reflectirse no concepto e no método que se utilizan para elabora-lo programa, tanto nos contidos

elixidos coma na ordenación e na organización dos mesmos. A traxectoria cronolóxica que, en boa medida, caracteriza á mesma, condúcenos a unha articulación temática que segue fundamentalmente ese criterio aínda que con escalas temporais de moi diferente duración que delimitan secuencias significativas⁴⁵; que sitúa os feitos, na maior parte dos temas, nunha orde de sucesión progresiva mentres que noutros o fai desde unha agrupación temática, se ben sen excluí-la división de tempos no desenvolvemento da mesma.

A relación dos temas que se inclúe a continuación, agrúpaos en diferentes bloques e intenta dar coherencia explicativa ós mesmos; para selecciónalos baseeime en que aínda van dirixidos a un alumnado que se pon en contacto con eles por vez primeira. Os núcleos temáticos decidíronse intentando abrangue-lo discorrer dos procesos educativos das mulleres desde diferentes perspectivas. Ademais, dada a amplitude do tema, buscouse concretalos dentro de coordenadas xeográficas próximas, e moi especialmente en España. Unha distribución e secuencia posible do programa sería a seguinte:

0. Introducción

I. Cuestións preliminares

As mulleres na educación actual.

O concepto de Historia da Educación: a Historia da Educación das Mulleres.

II. Idade Media e Renacemento

Espacios femininos no mundo medieval. A palabra de/para as mulleres do Humanismo renacentista.

Os lugares da educación das mozas do século XVI ó XVII.

III. Realismo e Ilustración

A proposta de modelos para a educación feminina.

Institucións educativas para as mozas na Idade Moderna.

Dialéctica sobre as mulleres na Ilustración.

Pensamento pedagóxico e realizacións educativas na España ilustrada.

IV. Modelos de instrución pública na Europa do Novo Réxime

Política educativa para as nenas na construción do liberalismo.

O ideal da domesticidade como referencia para a instrución no século XIX.

Educación e profesión como camiño de autonomía persoal.

Aproximación á educación das mulleres en Europa e Estados Unidos.

V. Cara a outros horizontes culturais: Entre a apertura e a tradición

A incorporación ós saberes científicos.

A ensinanza, unha profesión feminina.

Actividade intelectual e actividade científica no primeiro tercio do século XX.

Contribución das mulleres ó pensamento educativo

VI. As novas realidades socioeducativas

As mulleres como alumnas e como profesoras en tódolos niveis de ensinanza de 1900 a 1936.

A educación feminina durante o réxime de Franco

Cultura e educación das mulleres na Comunidade Europea e organismos internacionais

Presente e prospectiva da educación das mulleres.

⁴⁵ Cita tomada do artigo da profesora De Torres Ramírez, Isabel (1997): "Colecciones monográficas españolas dedicadas al tema Mujer (1975-1997)", en *Boletín de la Asociación Andaluza de Bibliotecarios*, 48, setembro, p. 40.

Un itinerario de contidos con vocación de relaciona-lo pasado, o presente e o futuro, pois só desta maneira faremos posible unha significativa e acertada confección do tecido narrativo da traxectoria das mulleres. Relato que debe apoiarse nunha historiografía que nos acerque a ese tipo de ciencia e de cultura que tamén ten en conta a experiencia e a subxectividade, que as incorpora á súa bagaxe espertando con maior eficacia o interese das novas xeracións de mozos polos “Estudios das Mulleres” e pola crecente produción editorial que están xerando nos últimos anos. Se isto se consegue, logrará facer menos verdade, neste tema, o que o escritor Juan Valera afirmou nun dos seus artigos: “En España no leen más que los que escriben, y nosotros somos el público de nosotros mismos, y toda la literatura es enseñanza mutua”⁴⁶. Pero, especialmente, axudará a entende-los modelos herdados e los modelos emerxentes⁴⁷, suxerirá respostas e proporcionará claves para analiza-los cambios que se produciron, e que se teñen que seguir producindo, no sistema de xénero que organiza a sociedade, nas relacións entre homes e mulleres no tecido social, e na liberdade que debe acompañala vida das mulleres.

BIBLIOGRAFÍA:

- BALLARÍN DOMINGO, Pilar (1990): “Las mujeres como sujeto/objeto de la Historia de la Educación Española Contemporánea”, en VV. AA.: *Muller e educación en España. 1868–1975*, Santiago, Publs. Universidade de Santiago, pp. 27–34.
- BALLARÍN DOMINGO, Pilar (2001): *La educación de las mujeres en la España contemporánea (siglos XIX–XX)*, Madrid, Ed. Síntesis, 206 pp.
- BRAIDOTTI, Rosi (1991): “Teorías de los Estudios sobre la Mujer: algunas experiencias contemporáneas en Europa”, en *Historia y Fuente Oral*, nº 6, pp. 3–17.
- BRUHNS, Hinnerk (1990): “El inaccesible pasado alemán”, en *El Correo de la Unesco*, París, abril.
- BURKE, Peter (ed.) (1993): *Formas de hacer Historia*, Madrid, Alianza, 313 pp.
- COHEN, S. (1973): “New perspectives on the history of American education: 1960–1970”, en *History of Education*, 2.
- COLLINGWOOD, Robin George (1970): *Idea de la Historia*, México, Fondo de Cultura Económica 1970, 323 pp.
- DE TORRES RAMÍREZ, Isabel (1997): “Colecciones monográficas españolas dedicadas al tema Mujer (1975–1997)”, en *Boletín de la Asociación Andaluza de Bibliotecarios*, nº 48, setembro, pp. 31–40.
- DEL VALLE, Teresa (Coord.) (2002): *Modelos emergentes en los sistemas y las relaciones de género*, Madrid, Narcea, 239 pp.
- DI CARO, Gianna (1992): *Insegnare storia. A disciplina, l'apprendimento, il metodo*, Milano, Franco Angeli, 261 pp.

⁴⁶ Cfr. Del Valle, Teresa (Coord.): *Modelos emergentes en los sistemas y las relaciones de género*, Madrid, Narcea, 2002, 239 pp.

- ESCOLANO BENITO, Agustín (2002): *La educación en la España contemporánea. Políticas educativas, escolarización y culturas pedagógicas*, Madrid, Biblioteca Nueva, 366 pp.
- FLECHA GARCÍA, Consuelo (2002): "Las mujeres en el sistema educativo español", en Marín, Teresa-del Pozo, M^ª del Mar: *Las mujeres en la construcción del mundo contemporáneo*, Cuenca, Publs. Diputación Provincial, pp. 209–227.
- FLECHA GARCÍA, Consuelo: "La educación de las mujeres, una experiencia histórica plural", en Gómez, María Blanca (ed.): *Educación y género*, Málaga, Publs. Diputación Provincial (en prensa).
- FLECHA GARCÍA, Consuelo: "Historiografía sobre educación de las mujeres en España", en VV.AA.: *La historiografía en estudios de las Mujeres*, Valladolid, Publs. Universidade, (en prensa)
- FLECHA GARCÍA, Consuelo: "La Historia de la Educación de las mujeres como campo de investigación", en VV.AA.: *Etnohistoria de la Escuela*, Burgos, Publs. Universidade de Burgos, 2003, pp.
- FONTANA, Josep (1973): *La Historia*, Barcelona, Salvat, 142 pp.
- FORNACA, Remo (1978): *La investigación histórico-educativa*, Barcelona, Oikos-Tau, 1978, 176 pp.
- GALINO CARRILLO, María Ángeles (1966): "Pedagogía e Historia", en *Enciclopedia de la Nueva Educación*, Madrid, Apis, Tomo I, pp. 65–89.
- GALINO CARRILLO, María Ángeles (1972): "La mujer en la educación y en la cultura", en *Congreso Internacional de la Mujer*, Madrid, Editorial Almena, pp. 109-127.
- GALINO CARRILLO, Ángeles (1994): "Conciencia histórica y formación humana. Pensar la historia para la educación", en *Revista Española de Pedagogía*, nº 198, maio-agosto, pp. 257-270.
- GÓMEZ GARCÍA, María Nieves (2002): *Ciudad y saber. Sevilla en la historia de la educación*, Sevilla Gihus, 301 pp.
- HARDING, Sandra (1996): *Ciencia y Feminismo*, Madrid, Morata, 1996, 237 pp.
- HERNÁNDEZ SANDOICA, Elena (1995): *Los caminos de la historia. Cuestiones de historiografía y método*, Madrid, Síntesis, 301 pp.
- INSTITUTO DE LA MUJER (1997): *Síntesis de resultados de la Evaluación del II Plan de Igualdad de Oportunidades de las Mujeres (1993–1995)*, Madrid, Instituto da Muller, 85 pp.
- INSTITUTO DE LA MUJER (1997): *III Plan para la Igualdad de Oportunidades entre Mujeres y Hombres. 1997–2000*, Instituto de la Mujer
- LEFEBVRE, Georges (1985²): *El nacimiento de la historiografía moderna*, Barcelona, Martínez Roca Ed., 340 pp.
- LLEDÓ, Emilio (1992²): *El surco del tiempo. Meditaciones sobre el mito platónico de la escritura y la memoria*, Barcelona, Crítica, 231 pp.
- MACRY, Paolo (1997): *La sociedad contemporánea. Una introducción histórica*, Barcelona, Ariel, 283 pp.
- ORTÍZ, Teresa y otras (1999): *Universidad y Feminismo (II). Situación de los Estudios de las Mujeres en los años 90*, Granada, Ed. Universidad de Granada, 448 pp.
- RICOEUR, Paul (1990³): *Historia y verdad*, Madrid, Encuentro, 318 pp.

- RUIZ BERRIO, Julio (1992): "La voz del silencio", en Tiana Ferrer, Alejandro: *Maestros, misioneros y militantes. La educación de la clase obrera madrileña, 1898-1917*, Madrid, CIDE, pp. 9-14.
- RUIZ BERRIO, Julio (1994): "Metodología docente de la historia de la educación", en *Revista de Ciencias de la Educación*, nº 157, pp. 71-94.
- SÁNCHEZ PRIETO, Saturnino (1995): *¿Y qué es la historia? Reflexiones epistemológicas para profesores de secundaria*, Madrid, Siglo XXI, 141 pp.
- SHEDE: "Acuerdos adoptados", en *Boletín de Historia de la Educación*, nº 18, diciembre 1991.
- SUREDA GARCÍA, Bernat (1993): "Historiografía sobre innovaciones educativas en España", en Nóvoa, António-Ruiz Berrio, Julio (eds.): *A História de educação em Espanha e Portugal*, Lisboa, SPCE-SEDHE, pp. 171-180.
- VALIENTE FERNÁNDEZ, Celia (1994): *El feminismo de Estado en España: El Instituto de la Mujer 1883-1994*, Madrid, Instituto Juan March, 50 pp.
- VIÑAO FRAGO, Antonio (1997): "De la importancia y utilidad de la historia de la educación (o la esponsabilidad moral del historiador)", en Gabriel, Narciso de & Viñao Frago, Antonio (eds.): *La investigación histórico-educativa. Tendencias actuales*, Barcelona, Ronsel, pp. 15-50.
- VIVES, Juan Luis: *De institutione feminae christianae (1524). La formación de la mujer cristiana*, Valencia, Ayuntamiento de Valencia, 1994, 416 pp.